

KILL BILL: THE WHOLE BLOODY AFFAIR

1716

Quentin Tarantino, 2026

ESTREA EN NUMAX: 10.04.2026 | V.O.S.E. | +18 | 275 min

Quentin Tarantino une os volumes 1 e 2 de Kill Bill nunha epopea única sen censura, presentada tal como a concibiu, cunha nova secuencia de animación inédita. Uma Thurman interpreta A Noiva, dada por morta despois de que o seu antigo xefe e amante Bill lle disparase na cabeza. Antes de se enfrontar a Bill, deberá cazar os catro membros do Escuadrón Asasino Víbora Letal.

A copia inclúe un descanso de 15 minutos entre as dúas partes.

«A máxima loucura cinéfila»

Amy Nicholson, LOS ANGELES TIMES



Unha celebración da cultura popular

Por Quim Casas

Son moitas as películas concibidas inicialmente en dúas (ou máis) partes. E hai outras expostas nunha soa, de catro ou máis horas de duración, que os produtores decidiron trocear en dous para sacar máis rédito comercial. É o caso de *Novecento* (1976), de Bernardo Bertolucci, e, sobre todo, de *Kill Bill*. Miramax atinou, polo menos en termos económicos. Pero non só iso. *Kill Bill Vol. 1* (2003) e *Kill Bill Vol. 2* (2004), como díptico ou filme unitario, constitúen a obra mestra de Tarantino, unha auténtica celebración da cultura popular concibida a partir dunha simple historia de vinganza.

Ao director quedoulle a espiña cravada. O primeiro volume quedou en 110 minutos. O segundo en 137. Contando por suposto os créditos, as imaxes finais da primeira parte que anuncian a segunda e o resumo do primeiro filme incluído ao comezo do volume dous. Unha montaxe única de 240 minutos, sen ningún extra, podía rastrexarse na internet desde 2004 xa co título de "Kill Bill: The Whole Bloody Affair". Pero a versión definitiva, a que sempre tivo en mente Tarantino, é a que chega agora ás salas. Unha auténtica experiencia que recupera a métrica global dunha película que nunca debeu dividirse en dúas.

De todos os xeitos, coa versión actual produciuse unha pequena confusión. Cada fonte citada ofrece unha duración distinta de 281, 275 e 253 minutos. A que máis se achega é esta última, pero ten trampa: o *Kill Bill: The Whole Bloody Affair* que chega agora ás salas dura 260 minutos, pero hai que contar cos 15 minutos de descanso para que os espectadores estiren as pernas ou vaian ao baño, polo que a metraje real é de 245 minutos, máis ou menos os mesmos, sumando os dous volumes estreados no seu momento. Aquí tamén hai matices, pois os títulos de crédito son únicos, elimínase o resumo da primeira parte e córtase un pequeno e decisivo fragmento: o da voz de Bill (David Carradine) comendo ao remate de *Kill Bill Vol. 1* dicindo que a filla da protagonista está viva, mentres que na montaxe actual ela non o descobre ata o último capítulo.

Por que suma entón o mesmo? Hai agora planos un pouco máis alongados no tan duro coma divertido adestramento co monxe Pai Mei (Gordon Liu) e no decisivo encontro final con Bill, pero sobre todo inclúense oito minutos máis no violentísimo bloque *anime* que conta a orixe da asasina O-Ren Ishii (Lucy Liu): é unha secuencia enteira que inclúe o asasinato no ascensor do yakuza que matou os seus pais. Polo demais, respéctase a estrutura en 10 capítulos e as voltas atrás no tempo; a non menos violenta secuencia na Casa das Follas Azuis contra O-Ren, Sofie Fatale, a colexiala Gogo (e a súa bóla de púas) e os 88 Maníacos enmascarados como Bruce Lee na serie "O avispon verde", vese agora integramente en cor, mentres que no momento da súa estrea incluía varios planos en branco e negro para limar no posible a súa extrema crueza. De feito, esta enorme secuencia é a ecuación perfecta yakuza-wuxia-gore.

En *Kill Bill*, a súa obra mestra da reciclaxe posmoderna, aquela por la que se lle pode considerar o mellor e único DJ cinematográfico, cítanse *A noiva vestida de negro*, o *ShawnScope* dos irmáns Shawn, os expertos en artes marciais Sonny Chiba e Gordon Liu, a sintonía de "Perry Mason" e a conducida pola vertixinosa trompeta de Al Hirt de "O avispon verde", Lole e Manuel, Nancy Sinatra, o organista de Rufus Thomas, "Dont' Let Me Be Misunderstood" en clave flamenca, yakuza, spaghetti western, blaxploitation, anime, manga, espadas samurais e cómic de superheroes ("os debuxos deixan moito que desexar, pero gran mitoloxía" comenta Bill sobre "Superman"). E por suposto Uma Thurman, que nunca estivo mellor, como Beatrix Kiddo, alias A Noiva, a Mamba Negra e The Mommy. Un gozo total, agora en formato 'redux'.